

VECIÑANZA PROPÓN A CREACIÓN EN CUNTIS DUNHA ÁREA DE AUTOCARAVANAS

- *O turismo de autocaravanas caracterízase por unha mobilidade sostible, de gran impacto económico a nivel local e cunha esixencia en infraestruturas de mínimo custe.*
- *Veciñanza insta ao Goberno Local a valorar esta iniciativa e sumar a Cuntis ás vilas que contan xa con áreas específicas para acoller este tipo de turismo.*

Cuntis, 29 de xuño de 2021

Veciñanza levará ao próximo pleno municipal unha moción para instar ao Goberno do PSOE a crear unha área de autocaravanas en Cuntis, como xa figuraba no programa electoral de 2019. A inacción do grupo de goberno impide que a vila termal experimente iniciativas salientables en materia de desenvolvemento turístico, que conten cun impacto real e que vaian máis alá de propaganda sen a máis mínima planificación. O PSOE non foi capaz en seis anos nin tan sequera de elaborar un Plan de Desenvolvemento Turístico, unha folla de ruta para planificar o sector como un verdadeiro activo económico con repercusión no municipio. Tampouco é quen de implantar as infraestruturas máis demandadas nas novas formas de lecer que vén impoñendo a pandemia do coronavirus. Unha das máis claras é o turismo de autocaravanas, que se caracteriza por unha mobilidade sostible, de gran impacto económico a nivel local e cunha esixencia en infraestruturas de mínimo custe.

Veciñanza, mantendo a liña propositiva que caracteriza o traballo do grupo municipal, insta ao Goberno Local a valorar esta iniciativa e **sumar a Cuntis ás vilas que contan xa con áreas específicas para acoller este tipo de turismo**. Os requirimentos son mínimos e o custe da infraestrutura é perfectamente asumible para o Concello de Cuntis. *Turismo de Galicia* conta xa na seu web cun total de 127 áreas rexistradas, polo que é o momento de traballar para que Cuntis non quede atrás tamén nisto.

O turismo de autocaravanas atópase nun momento de expansión moi notable. As condicións impostas polo coronavirus, que promoven espazos ao aire libre, con menos concentración de persoas, máis aproveitamento do medio natural, etc. fan que este tipo de lecer sexa **un dos de maior auxe en Galicia**. Unha das características máis destacables deste tipo turismo é o **impacto económico** que deixa nas vilas que contan con áreas específicas para estes vehículos. O gasto no comercio local, en servizos e na hostalaría é moi considerable, como así o confirman estudos de repercusión económica realizados. O fenómeno autocaravanista é un modelo de turismo itinerante, sostible, moderno, non





estacionario e en pleno crecemento en toda Europa que contribúe de forma clara ao desenvolvemento económico, social e turístico local.

Veciñanza agarda contar co apoio dos demais grupos da Corporación para a aprobación desta iniciativa, pero espera sobre todo **convencer ao PSOE de que esta é unha idea importante para Cuntis, que xa está tendo unha grandísima acollida entre os veciños e veciñas nas redes sociais e que resulta imprescindible para facer do turismo un sector económico vivo e dinámico** que contribúa a enfrontar a recuperación económica nas condicións máis favorables.

